



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO, URUGUAI, PARA CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES EN MONTEVIDEO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Hogar Español de Montevideo (Uruguai) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración para a concesión dunha axuda ao Hogar español de Montevideo, Uruguai, co fin de contribuír á atención das necesidades socio asistenciais básicas dos cidadáns galegos que por razón de idade e/ou circunstancias socio familiares, residan en dito centro.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Na República Oriental do Uruguai residen unha ampla colonia de persoas galegas anciáns que por razóns de carácter social, carencia de medios de subsistencia ou de falta de familiares que lles dean acollida está a sufrir unha situación de desamparo debido á falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e asistencial.

O Hogar Español de Montevideo, Uruguai, é unha asociación civil sen ánimo de lucro, inscrita no Rexisto da Galeguidade como centro colaborador, que ten como fin primordial o aloxamento e coidado de españois de máis de 65 anos imposibilitados para





o traballo carentes de medios de subsistencia e ou de parentes obrigados que poidan mantelos, ca finalidade de facilitarlles un avellemento digno.

Esta entidade na actualidade ten preto de trescentos socios dos que máis do oitenta por cento son de orixe galega. Nas súas instalacións, con capacidade para 216 está a acoller a 174 residentes, dos que 95 son galegos e ademais do aloxamento, coidado e manutención, ofrécelles servizos médicos, de enfermería, de fisioterapias, de animación socio cultural, de memoria e estimulación cognitiva, etc. o que representa o desenvolvemento duna atención asistencial integral que redundará na mellora da calidade de vida dos anciáns desfavorecidos pertencentes á colectividade galega emigrante.

Para o financiamento das actuacións previstas, a Secretaría Xeral da Emigración achegará coarenta mil euros (40.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrencia pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de mellorar a saúde, o benestar social e a calidade de vida á colectividade de emigrantes galegos, residentes no Uruguai, que por cuestións de idade e/ou circunstancias socio familiares presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal, por razóns de carácter social e humanitario.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a cinco de abril de 2018.

